



ESPECIAL NÚMERO 2, MARZO 2014

<http://cenporcenmaleducadas.blogspot.com.es/>

### UN TEXTO DE LUÍSA

#### DESPERTA DO TEU SONO

(...)


E así, pouco a pouco, todo se vai enchendo do run-run medoñento do día. Despois de ducharme, vístome e esquézome do corpo, no que gardarei para máis tarde algo que soñei con pracer e ao que non consigo dar forma de novo, se ben sei que está aí, que seguirá aí, entanto abro unha especie de porta enorme, talvez unha xigantesca pantalla de cine que me deixa ver como se orixina ante min o turbulento labirinto da Cidade.

Na Cidade as figuras simetricamente descoñecidas pasan ás presas polas rúas, cobrindo as roupaxes simbólicas dos seus cárregos e oficios con unha fina capa de pel núa por cima, produto da indefensión, estremecida baixo primeira mirada do día. De todas estas persoas vou elexendo e repartindo, por un lado, aquelas que máis parecen asemellárase, o que me fai experimentar a sensación de multiplicarme por min mesma até adquirir un tamaño considerábel con visos de enorme realidade entre tantos e tan altos edificios nos que non teño cabida e sei que nunca me pertencerán. (...)

Luísa Villalta. *Desperta do teu sono* (fragmento), 2002

## UN LIBRO PARA LUÍSA

ÁLVARO CUNQUEIRO. Don Hamlet



*O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958) é o título completo desta peza teatral. Nesta revisión ao clásico de Shakespeare, Cunqueiro postula fórmulas mestras con toques absurdos, conseguindo a mofa duns mitos que por momentos se nos semellan demasiado. Para a posta en escena houbo que agardar á montaxe do Centro Dramático Galego en 1991.

# lembramos a luísa

**Grazas** por ensinarnos a non calar cando non se debe permanecer en silencio. Por agasallarnos esperanza nun futuro que daquela aínda estaba por chegar; por facernos ver que había que traballar a reo para poder recibilo ben.

**Grazas** por nos acompañar mentres nos facíamos maiores. Por ensinarnos a agardar o que merecíamos, porque non debíamos conformarnos con menos. Por facernos comprender que só quen pensa sen cadeas pode chegar a ser un mesmo.

**Grazas** por ser unha xanela ao mundo. Por facernos amar a nosa **terra**, a nosa lingua. Por facernos sentir o centro do mundo en cada conversa e baixarnos do ceo cando voábamos en má dirección.

**Grazas** pola túa xenerosidade. Polas túas palabras. Palabras que serán eternas, como a enerxía que se transforma resistíndose a desaparecer. Por respectar e ensinar a respectar e agromar o mellor dos demais.

**Estráñote tanto...** e mentres estraño sigo camiñando, porque ti me ensinaches que podía chegar onde quixera.

Unha e mil veces... **GRAZAS!**

Isabel Aldao Losada

profesora e ex-alumna de Luísa

# terra

## O DICCIONARIO

[sétima acepción]


substantivo faminino

Territorio de onde unha persoa é natural

FRASES E EXPRESIÓNS CON terra → Da terra → Do país

*"Miña terra, miña terra, terra donde m'eu criei"*

*Rosalía de Castro*



imaxe: Dani\_vr

[Definición tomada do dicionario *online* da Real Academia Galega]